



**Instrución 1/2019-2020 de prezos para o curso 2019/2020 para residencias públicas universitarias da Universidade da Coruña (UDC) segundo o establecido no procedemento de asignación das prazas vacantes que se regula na Instrución 1/2018-2019, da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, de data 6/03/2019**

Segundo o establecido na instrución “1/2018-2019 da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria e da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, mediante a que se establece o procedemento de asignación de prazas vacantes nas Residencias Públicas Universitarias da Universidade da Coruña de data 06/03/2019, establécense nos seguintes prezos públicos para os que non tiveron praza concedida dentro da “Convocatoria de prazas para o estudantado da UDC nas residencias públicas universitarias dos Campus de Ferrol e A Coruña” para o curso 2019/2020:

- Para as persoas que acrediten a súa condición de estudante, os prezos por día de estadía serán de 17 € en cuarto individual e de 13 € en cuarto dobre. Se a súa estadía é superior a un mes, os prezos serán de 215 €/mes en cuarto individual e de 185 €/mes en cuarto dobre.
- No resto dos casos, os prezos por día serán de 29 € en cuarto individual e de 25 € en cuarto dobre. Se a súa estadía supera o mes, os prezos serán de 375 €/mes en cuarto individual e de 300 €/mes en cuarto dobre.
- Están exentas/os da cota correspondente as/os profesoras/es da International Summer School da UDC, xa que o seu custo é asumido pola Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.
- Cando a estancia é superior a un mes é necesario o pago dunha fianza antes de entrar na residencia. O importe da fianza é de 150 € no caso de cuarto dobre e 200 € no caso de lle corresponder cuarto individual. O ingreso da fianza farase na conta xeral da Universidade da Coruña (UDC): IBAN: ES83-0049-0007-2326-1207-1316. No concepto figurará: FIANZA Residencia Universitaria Pública “Elvira Bao” da Coruña ou FIANZA Residencia Universitaria Pública de Ferrol segundo o caso + DNI e nome completo da persoa adxudicataria da praza. Unha vez feito o ingreso da fianza deberá enviar xustificante do mesmo ao correo electrónico: [servizo.estudiante@udc.gal](mailto:servizo.estudiante@udc.gal).

A Coruña, 6 de setembro de 2019

A vicerreitora de Estudantes,  
Participación e Extensión Universitaria

A vicerreitora do Campus de Ferrol  
e Responsabilidade Social

Margarita Amor López

Araceli Torres Miño